

# Sempre Cunqueiro

Puido, e pode, ser realmente discutíbel, en concordancia coas convicións de cadaquén, adoptar semellante posicionamento –e, nin que dicir ten, laborar nel con determinadas “armas”- nunhas circunstancias ben concretas, como as que lle tocou habitar na relación espazo/tempo, e estámonos a referir, desde logo, a ese afán arreo manifestado na obra de Álvaro Cunqueiro: o desexo, o degaro do grande escritor de Mondoñedo por erradicar a tisteza do mundo. Agora ben; sinalado o anterior, do que si non cabe dúbida é que moi poucos, en xeral, e máis no particular da escrita, foron quen de deseñar tan soberbiamente nos seus textos a ledicia do amor ao seu país. Acaso demasiado acrítico, para os uns; apenas posibilista, para os outros... desde a perspectiva do lector de hoxe, o que importa é que, cando nos debruzamos sobre eses relatos de viaxes e xantares que Cunqueiro nos regala –tales como estes mesmos que se recollen no volume que agora traemos ás nosas páxinas: *Viajes y yantares por Galicia. Obra periodística en Vida Gallega (1954-1963)*-, asistimos a un verdadeiro gozo vital, á participación, por forza, entusiasta nunha festa de todos e para todos que vai desde as cazas con sabor bieito até a lampresa, esa princesa verde, pasando

---


## *Crónica de viaxes e xantares*

---



XOSÉ RAMÓN PENA

---



polo señor albariño cambadés, o moi santo porco, rei dos cocidos, ou o polvo, unha gula que si nos dá gula. E todo iso, ademais, a través do mar de Vigo, das chairas e montes de Lemos, do cristal da Coruña, as murallas de Lugo ou en compañía de M. de Montgolfier le Cadet, contemplando o máxico e maxestoso globo da terra natal do autor destas liñas, Betanzos dos Cabaleiros.

Con elegante prólogo de Anxo Tarrío –quen, acertadamente, non deixa de subliñar que don Álvaro, tal e como facía cos seus poemas, interpreta as receitas de cociña como algo pensado para lles dar de xantar, “se se daba a ocasión ou a necesidade” ás súas personaxes de ficción e facelas felices durante as viaxes que emprendesen- e cunha acertada introdución da man de Henrique Alvarellos Casas, xorde, daquela, este volume que nos devolve a alegría e que mesmo nos (re)descobre que o outono é a festa dos sentidos en Galiza. Polo tanto, un libro absolutamente recomendábel para todo aquel que queira fuxir do fastío e adentrarse nos camiños dun país soñado, pero por iso mesmo tan real nos corazóns.

---

CUNQUEIRO, Álvaro, *Viajes y yantares por Galicia. Obra periodística en Vida Gallega (1954-1963)*, Ed. Alvarellos, Santiago, 2005, 194 páxinas